

TURISMO RURAL EN GALICIA

Informe anual 2023



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

DEMANDA TURISTICA

Datos globais de demanda no segmento de turismo rural en Galicia. Ano 2023

	T. Interno	T. Receptor Nacional	T. Internacional	TOTAL GALICIA
VIAXEIROS	60.729	78.011	61.840	200.582
NOITES	99.373	186.890	94.171	380.436
ESTADÍA MEDIA	1,64	2,40	1,52	1,90

DEMANDA TURISTICA

Neste ano 2023 obsérvase un comportamento negativo da demanda nos aloxamentos de turismo rural de Galicia por canto se aprecia un descenso tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 5,5%- coma do volume de noites –do 3,8%- en relación ao pasado ano 2022. Enmárcase esta dinámica nun contexto de axuste no que tamén descende, aínda que con menor intensidade, o número de prazas ofertadas –nun 4,5% neste caso-.

Esta dinámica mantén ademais os niveis de demanda por debaixo dos valores previos á pandemia, de 2019. Neste sentido tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites descenden en relación ás cifras de hai catro anos, nunha proporción similar e cun nivel de recuperación parellos – ambas variables sitúanse levemente por debaixo do 90% do volume acadado antes da crise-.


Neste contexto mantense relativamente estable a estadia media –nun sentido estrito sobe un 1,7%-, para situarse tamén moi preto da cifra de 2019.

Evolución Demanda Turística en Turismo Rural. 2023/22 e 2023/19


	Viaxeiros	Noites	Estadía Media	Prazas
2023/22	-5,5%	-3,8%	1,7%	-4,5%
2023/19	-11,8%	-10,9%	1,0%	-14,1%

DEMANDA TURISTICA

Reparto da demanda por CC.AA.
Ano 2023



Variación da demanda en turismo rural, por CC.AA.
2023/22



DEMANDA TURÍSTICA

- O comportamento da demanda en turismo rural no conxunto de España ten un carácter positivo –a nivel estatal incrementáse o volume de noites un 3,7%-. Esta dinámica non é, sen embargo, homoxénea a nivel territorial e obsérvanse, por tanto, diferenzas de comportamento a nivel das comunidades autónomas.
- En síntese, nove destinos superan os niveis de demanda de 2022 –medida en número de noites-, con maior intensidade algúns dos localizados no centro e sur peninsular –A Rioxá, Castela A Mancha e Andalucía, que rexistran incrementos iguais ou superiores ao 10% interanual-. Localízanse tamén neste grupo varias das comunidades competidoras de Galicia como o País Vasco, Asturias e Castela e León.
- Tres destinos mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano mentres que cinco deles –entre os que se atopa Galicia- presentan unha dinámica negativa, con descenso do número de noites en relación a 2022. A caída é suave na C. Valenciana –do 2% interanual- e máis notoria en Madrid –que rexistra un descenso global do 15%-.
- Con esta dinámica once destinos conseguen situarse por encima dos niveis de 2019, previos á pandemia –marcando maior distancia Castela A Mancha e Baleares, superando en máis dun 20% os niveis de demanda anterior á crise-. Seis destinos –entre os que se atopa Galicia- fican, en cambio, por debaixo dos valores de hai catro anos, a menor distancia Asturias e con maior diferenza Murcia e a C. Valenciana.
- A diferenza de comportamento leva a cambios na distribución territorial da demanda no conxunto do Estado. As variacións non son moi significativas e a maioría das comunidades autónomas manteñen relativamente estable a cuota de mercado do pasado ano. Só dúas –Andalucía e Baleares- conseguen mellorar en case un punto o peso sobre o conxunto do Estado. No lado contrario Cantabria perde medio punto de cuota de mercado.
- Castela e León é o destino máis importante a nivel estatal –con preto de 1,9 millóns de noites representa o 15,2% do total de España-. Seguen en orde de importancia Baleares –con 1,5 millóns de noites e o 12,1%-, e Andalucía e Cataluña –ambas con arredor de 1,4 millóns de noites, absorbendo cada unha entorno ao 11-12% do total estatal-. Estes catro destinos representan o 50% do total da demanda turística do Estado.
- Galicia, con algo máis de 380 mil noites, sitúase no grupo medio-baixo co 3,0% do total estatal. Supera en volume a catro destinos –a C. Valenciana, Madrid, Murcia e A Rioxá-.


DEMANDA TURISTICA

Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvanse varios períodos na evolución da demanda no segmento de turismo rural:

- Unha primeira etapa de crecemento sostido desde 2012 a 2017, a taxas importantes que permiten acadar un máximo da serie histórica con preto de 450 mil noites no conxunto da comunidade.
- A partir de 2017 a demanda cae e estabilízase ficando o nivel global en 427 mil noites antes da crise da Covid-19. Con isto Galicia conseguía manterse por encima das 400 mil noites de 2016 a 2019.
- En 2020 apréciase o forte impacto da pandemia, rexistrando unha caída do 57% que sitúa o nivel de demanda en algo máis de 185 mil noites –mínimos da serie histórica-.
- A partir dese momento iníciase un período de recuperación que leva a rexistrar 328 mil noites en 2021 e preto de 396 mil en 2022. Agora en 2023 rómpese ese proceso de recuperación e deixa o volume final en 380 mil no conxunto da comunidade.

En termos absolutos o descenso deste ano supón a perda de pouco máis de 15 mil pernoctacións en relación ao pasado 2022.

Evolución das noites en Turismo Rural. 2014-23




DEMANDA TURÍSTICA

A progresiva volta á normalidade na actividade turística leva non só a manter en boa medida un nivel aceptable de demanda senón regresar tamén a unha distribución temporal semellante á que existía antes da pandemia. Así, mantense o carácter estacional do turismo rural en Galicia con pequenas diferenzas respecto do observado en 2022 e 2019. Neste ano o 44% da demanda concéntrase no verán, en xullo e agosto, sendo este último o mes de maior afluencia turística con pouco máis de 102 mil pernoctacións na comunidade –o 27% do total anual–.


O comportamento negativo da demanda neste 2023, en relación ao pasado 2022, é unha característica que se observa en boa parte dos meses do ano. Así, rexístranse caídas de abril a novembro, así como puntualmente no mes de febreiro –sendo de maior intensidade, por encima do 15% interanual, en maio e novembro–. Obsérvanse resultados positivos en meses da temporada baixa –xaneiro, marzo e decembro– así como en setembro.

En relación ao 2019 a dinámica é tamén maioritariamente negativa no sentido de que o nivel de demanda fica en todos os meses por debaixo das cifras de hai catro anos salvo puntualmente en outubro e decembro. As distancias son maiores na primeira parte do ano, concretamente no primeiro semestre –con caídas de máis do 25% en catro meses concretos–.

Demanda nos establecementos de turismo rural. Anos 2019, 2022 e 2023, por meses



Variación da demanda en turismo rural. 2023/22, por meses




DEMANDA TURÍSTICA

En termos globais, por tanto, obsérvase un comportamento homoxéneo da demanda a nivel temporal, con caídas nas tres grandes temporadas turísticas –do 4% no verán, do 5% na temporada media e do 3% na baixa-. Son variacións non moi elevadas pero si relativamente parellas en intensidade o que leva a que a distribución temporal da demanda non cambie ostensiblemente.


Con esta dinámica o segmento de turismo rural mantén dalgunha maneira á estrutura temporal que tiña en 2022 e antes da pandemia, cun 44% das noites concentradas no verán, un 35% na temporada media e tan só o 21% na temporada baixa. En 2021, en plena pandemia, o peso do verán ascendía ao 53% do total anual –máis da metade das noites concentrábase en tan só dous meses-, ficando o 47% restante repartido entre a temporada media –co 33%- e baixa –co 14% neste caso-.

O coeficiente de variación –medida da estacionalidade da demanda- mantense estable nun valor de 0,89 –en 2019 ficaba en 0,84-.

Variación noites en aloxamentos de Turismo Rural.
2023/22, por temporada



Distribución temporal da demanda en Turismo Rural. 2022
e 2023, por temporada




DEMANDA TURISTICA

A evolución da demanda nos tres grandes períodos temporais coloca os niveis deste ano por debaixo dos valores de 2022 e tamén de 2019, con menor distancia nas temporadas media e alta e máis lonxe en temporada baixa.

A pesar de rexistrar maior volume de demanda o verán sitúase aínda por debaixo dos niveis da serie 2016-21. Mantense, por tanto, en valores anteriores ao 2015. Similar comportamento se aprecia coas temporadas media e baixa, que con 134 mil noites e 80 mil noites, respectivamente, sitúanse en niveis de mediados da década pasada.

Evolución da demanda por temporadas. Período 2015-23




MERCADOS TURÍSTICOS

En 2023 o 75% da demanda en turismo rural corresponde ao turismo de ámbito nacional, segmento que engloba tanto ao mercado interno –dos residentes en Galicia, que supón o 26% con 99 mil noites- como ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas, que representa o 49% con preto de 187 mil noites-.

O turismo internacional representa neste caso o 25% das noites nos aloxamentos de turismo rural de Galicia, cifra importante que representa a pouco máis de 94 mil noites.

Desde unha perspectiva temporal obsérvase que esta estrutura da demanda mantén o forte peso do mercado nacional –absorbe tres de cada catro pernoctacións- sendo maioritario aquel que procede de fóra de Galicia. Esta estrutura aseméllase á observada antes da pandemia e difire do observado en 2020 e 2021 cando se reforzaba o peso do mercado nacional con máis do 90% das noites rexistradas.

Peso dos principais mercados en Turismo Rural. Ano 2023




MERCADOS TURÍSTICOS


Obsérvase neste ano un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. En particular, descende o turismo interno –dos residentes en Galicia, un 15%-, mantense relativamente estable o receptor nacional –en sentido estrito este segmento marca unha leve caída inferior ao 1% interanual- e incrementábase o internacional –nun 3% neste caso-. A dinámica positiva concéntrase neste ano no turismo estranxeiro, que viña de estar moi condicionada polos efectos negativos da pandemia e con baixos niveis de demanda en 2020 e 2021.

En calquera caso, o incremento do turismo estranxeiro neste ano 2023 non é suficiente para superar os niveis previos á pandemia e, en consecuencia, os tres segmentos de mercado fican por debaixo dos valores de hai tres anos, en cifras máis próximas o receptor nacional –recuperan entonro ao 97% da demanda previa á pandemia- e máis distante o interno e o internacional –que acadan pouco máis do 80% do volume de noites de 2019-.

Variación da demanda en turismo rural, por mercados.
2023/22



Variación da demanda en turismo rural, por mercados.
2023/19




MERCADOS TURÍSTICOS

O mercado interno, dos residentes en Galicia, sufriu coma todos os segmentos as consecuencias negativas da pandemia se ben neste caso o impacto foi menor -pois rexistrou unha caída do 39% en 2020, inferior á dos restantes mercados e mesmo noutras tipoloxías de aloxamento- e a recuperación máis rápida –en 2021 xa conseguira superar o nivel de 2019, anterior á pandemia, e situarse en niveis parellos aos máximos da serie histórica con 122 mil noites.

En 2022 e agora en 2023 presenta un pequeno axuste, unha caída leve que sitúa o nivel final de demanda xustamente por debaixo das 100 mil noites –cifra parella á rexistrada en 2012 e 2013, na primeira parte da década pasada-.

Evolución do mercado INTERNO en Turismo Rural. Noites 2015-23




MERCADOS TURÍSTICOS

A evolución do mercado receptor nacional difire un pouco do comentado para o caso do interno. Sufriu o impacto da pandemia en 2020 perdendo enteiro á metade da demanda que tiña en 2019 para iniciar en 2021 a recuperación que leva a rexistrar 173 mil noites nese ano, tendencia que continúa pero con menor intensidade en 2022 chegando a rexistrar máis de 188 mil noites.

Agora en 2023 marca un leve axuste inferior en todo caso ao 1% interanual que coloca o volume final en 187 mil noites –valor que en perspectiva de medio e longo prazo supón certa estabilidade da demanda-.

A recuperación, por tanto, é importante pero non suficiente para chegar aos niveis previos á crise –en 2018 e 2019 os volumes totais sitúanse no contorno das 190 mil noites-. O máximo da serie histórica sitúase en 2017, superando por primeira e única vez as 200 mil pernoctacións nun ano completo – concretamente, 218 mil-.

Evolución do mercado RECEPTOR NACIONAL en Turismo Rural. Noites 2015-23




MERCADOS TURÍSTICOS

O mercado internacional mantíña unha evolución relativamente estable antes da pandemia, situándose no contorno das 110 mil noites en Galicia de 2016 a 2019. En 2020 sofre, coma todos os segmentos pero con maior intensidade, as consecuencias negativas da crise e rexistra unha caída do 90% que leva a pasar de 113 mil noites en 2019 a 11 mil nese ano.

A recuperación no caso do turismo estranxeiro é máis lenta e tardía que no caso do nacional, e en 2021 segue condicionado polas medidas de restrición de mobilidade. Será en 2022 cando este segmento rexistre un forte impulso que o leve a situarse en niveis aínda lonxe dos anteriores á pandemia pero en todo caso superiores aos rexistrados a mediados da década pasada, con 91 mil noites no conxunto da comunidade. Agora en 2023 consolida esta tendencia positiva pero con menor intensidade, colocando o nivel final en 94 mil pernoctacións –cifra aínda inferior á do período 2016-19-.

Evolución do mercado INTERNACIONAL en Turismo Rural. Noites 2015-23




MERCADOS TURÍSTICOS

A evolución dispar dos diferentes segmentos de mercado leva a cambios na estrutura da demanda no ámbito do turismo rural en Galicia en relación ao pasado ano. Neste sentido perde peso o turismo interno –dos residentes en Galicia, en algo máis de tres puntos- e gaña peso, en cambio, o mercado receptor –en punto e medio aquel de orixe nacional e en preto de dous puntos o internacional-.

Esta dinámica leva a unha estrutura na que o mercado receptor nacional mantén e mesmo reforza o seu liderazgo no sector en Galicia absorbindo case a metade das noites –a cifra máis elevada da serie sen ter en conta os anos de pandemia-. O mercado interno, en cambio, marca un mínimo da serie histórica pois nunca antes caera ao 26% do total da demanda –de 2016 a 2019 situábase no contorno do 28%, porcentaxe que superaba o 30% antes deses anos-.

O segmento internacional reforza en case dous puntos a súa cuota de mercado e colócase preto dos máximos da serie rexistrados xustamente en 2019 cando representaba o 26% do total da demanda en turismo rural.

Evolución PESO dos diferentes segmentos de mercado na demanda turística. Período 2015-22



MERCADOS TURÍSTICOS

A distribución temporal dos tres grandes segmentos de mercado amosa comportamentos diferentes ao longo do ano.


Neste sentido é o turismo procedente do resto do Estado, o receptor nacional, o que presenta maior estacionalidade por canto o 58% do volume de noites concéntrase soamente no verán –sendo agosto o mes de maior afluencia co 38% do total anual-. Un 27% corresponde á temporada media quedando a porcentaxe restante distribuída entre novembro e abril –o 15% do total anual-. O 85% da demanda concéntrase, por tanto, de maio a outubro

No lado contrario está o turismo interno. Presenta menor perfil estacional respecto dos outros dous: no verán concentra o 25% do total anual ficando o 75% repartido a partes case iguais entre a temporada media e baixa.

O segmento internacional presenta un comportamento intermedio. Rexistra o seu pico de demanda tamén en agosto co 21% do total anual. E neste caso tamén o 85% das noites dos residentes no estranxeiro rexístranse de maio a outubro, quedando o 15% restante para a temporada baixa.

En temporada baixa é o mercado interno o que presenta maior volume fronte aos dous receptores, circunstancia que cambia de abril a outubro –neste caso é o receptor nacional o de maior presenza na comunidade-. Marca a excepción neste ano o mes de maio, período no que o maior volume corresponde ao segmento internacional


Estacionalidade dos mercados no segmento de turismo rural. Ano 2023, por meses



MERCADOS TURÍSTICOS

ESPAÑOIS

ESTRANX.



MERCADOS TURÍSTICOS

- Tendo en conta o volume global da demanda turística, o mercado interno –correspondente aos residentes en Galicia- representa en 2023, tal como se viu anteriormente, o 26,1% do total das pernoctacións nos establecementos de turismo rural.
- Madrid é o principal mercado emisor a nivel nacional. Con preto de 68 mil noites representa o 17,8% do total da demanda en turismo rural –porcentaxe un punto superior á do pasado ano-.
- Seguen en orde de importancia Andalucía –co 6,0%-, Cataluña –co 5,1%- e a C. Valenciana –co 4,2% neste caso-, mercados que se localizan lonxe da nosa comunidade. Neste sentido superan en volume e peso a mercados de proximidade como Asturias e Castela e León-. Xustamente este último é o quinto en orde de importancia representando o 3,1% neste caso.
- No ámbito internacional destaca EE.UU. como o principal mercado emisor a Galicia –circunstancia que xa aconteceu antes da pandemia, en 2019, e tamén no pasado ano 2022-. Agora en 2023 rexístranse preto de 11 mil pernoctacións correspondentes ao mercado americano, o 2,8% do total da comunidade –cifra inferior á do pasado ano-. Este mercado viña ocupando o segundo lugar no ranking de principais países desde o 2015, por detrás do británico.
- En segundo lugar sitúase o mercado alemán –con algo máis de oito mil noites representa o 2,2% do total- superando en volume e peso a mercados tradicionais como Reino Unido –que supón neste ano o 1,9%-, Portugal –co 1,6%-, Francia –co 1,4%- ou Italia -co 1% neste caso-.
- Portugal, mercado tradicional na nosa comunidade e que normalmente lidera o ranking do turismo internacional, sitúase neste caso como o cuarto en orde de importancia, mellorando levemente o seu peso respecto de anos anteriores cando representaba como máximo o 1% do total da demanda en turismo rural.

MERCADOS TURÍSTICOS


No ámbito estatal obsérvase un comportamento dispar dos principais mercados nacionais. Neste 2023 amosan unha dinámica positiva, superando as cifras do pasado ano, soamente o mercado madrileño -con subas do 3% interanual- e andaluz –co incremento do 10% neste caso.

A maioría deles, por tanto, amosan unha dinámica negativa, situándose por debaixo dos volumes de demanda de 2022, en valores parellos no caso da C. Valenciana ou do País Vasco, e a maior distancia o mercado interno, dos residentes en Galicia, e o mercado catalán –ambos rexistran unha caída superior ao 10% interanual-.

Os mercados de proximidade –Asturias e Castela e León- rexistran tamén leves caídas do volume de noites –do 4% e 6%, respectivamente-.

Esta dinámica permite a dous mercados –Madrid e o País Vasco- superar tamén os niveis de demanda de 2019, anteriores á pandemia –nun 8% e 6%, respectivamente-. Todos os demais fican por debaixo dos valores de hai catro anos, con maior distancia xustamente o mercado interno.

Evolución dos principais mercados nacionais en Turismo Rural. Noites 2023/22



MERCADOS TURÍSTICOS


A nivel internacional obsérvase un comportamento tamén dispar por canto unha parte dos principais mercados –dous neste caso- melloran os niveis de demanda do pasado ano, con intensidade variable pero importante. Destacan así os incrementos rexistrados polos mercados portugués –do 11%- e italiano –do 21% neste caso-.

Todos os restantes mercados –dentro do grupo dos principais- presentan caídas da demanda de intensidade variable: do 6% o mercado alemán, do 9% o francés, do 14% o americano e do 25% o británico.

Esta dinámica leva a que todos os mercados internacionais se sitúen aínda por debaixo dos valores previos á pandemia, a menor distancia os mercados alemán e suízo e con maior diferenza o mercado británico –recuperou en realidade pouco máis da metade do número de noites que rexistraba en 2019-.

A dinámica positiva do turismo internacional a nivel de Galicia concéntrase, por tanto, nun grupo reducido de mercados sendo que a maioría dos de maior volume e peso continúan por debaixo dos niveis do pasado ano.

Evolución dos principais mercados internacionais en Turismo Rural. Noites 2023/22




ANÁLISE POR CATEGORÍAS

O INE clasifica os establecementos de turismo rural en tres tipoloxías fundamentalmente: 1) Grandes Edificacións –pazos, casas grandes, casas reitorais,...-, 2) Casas Rurais –casas rurais, casas de aldea,...-, e 3) Turismo Activo –casas de labranza, agroturismo,...-. A adaptación a Galicia coincide coas categorías existentes na nosa comunidade: Grupo A, grupo B e grupo C-D, respectivamente.

En 2023 o 67% da demanda en turismo rural –con 256 mil noites- corresponde ao segmento das Casas de Aldea ou Grupo B. Un 22% opta por modalidades do Grupo A –son algo máis de 84 mil noites- mentres que tan só o 11% elixe os aloxamentos dos Grupos C e D –casas de labranza,...-. Neste último segmento rexistráronse preto de 40 mil noites neste ano.

Peso das diferentes tipoloxías en Turismo Rural. Ano 2023




ANÁLISE POR CATEGORÍAS

Obsérvase neste ano 2023 un comportamento variable da demanda nos diferentes segmentos de turismo rural. Neste sentido, increméntase o volume de noites en dous ámbitos concretos: un 7,6% nos establecementos do grupo A e un 7,3% naqueles do grupo C-D. Descende, en cambio, no segmento das Casas Rurais –un 8,5%–, como consecuencia basicamente cunha caída da cifra de viaxeiros aloxados, do 13,2% neste caso.


Esta dinámica leva a pequenos cambios na distribución da demanda a nivel das categorías. Neste sentido perde peso o segmento maioritario, o grupo B, en máis de tres puntos, cifra que se reparte entre as dúas restantes modalidades –gaña máis de dous puntos o aloxamento do grupo A e un punto aqueles asignados aos grupos C-D–.

Independentemente do comportamento da demanda nas diferentes categorías os tres segmentos considerados continúan en 2023 por debaixo dos valores rexistrados antes da pandemia, en 2019, con porcentaxes de recuperación variables: do 95% nos aloxamentos do grupo A, do 88% do grupo B e de algo máis do 80% naqueles dos grupos C e D.

Variación da demanda en turismo rural, por tipoloxías.
2023/22



Variación da demanda en turismo rural, por tipoloxías.
2023/19




ANÁLISE POR CATEGORÍAS

É o terceiro ano consecutivo no que se observa un incremento da demanda nos establecementos do grupo A –en 2021 a suba fora importante, do 82%, como consecuencia do inicio da recuperación logo do forte impacto rexistrado en 2020 por mor da pandemia, porcentaxe que baixa ao 16% en 2022 e ao 8% agora en 2023–.

Nos catro anos anteriores á crise o nivel de demanda neste segmento mantíñase no contorno das 90 mil noites, rexistrando o máximo da serie histórica en 2017 con preto de 93 mil pernoctacións.

A consolidación da recuperación neste 2023 sitúa o volume final en algo máis de 84 mil noites.

Evolución da demanda nos establecementos do Grupo A. Noites 2015-23




ANÁLISE POR CATEGORÍAS

A evolución da demanda no segmento das “Casas de Aldea” presenta un comportamento algo diferente. Descende neste ano –nun 8,5%– rompendo a serie de recuperación iniciada no pasado 2021 logo da forte caída rexistrada en 2020 por mor da pandemia –que supuxo unha perda do 57%-. En 2022 consolidábase esa recuperación colocando o volume final de demanda en preto de 280 mil pernoctacións.

A caída deste ano deixa a cifra final de demanda en 256 mil noites –dato que tamén se sitúa por debaixo do nivel acadado no cuatrienio 2016-19-. O máximo da serie histórica colócase novamente en 2017 con preto de 315 mil pernoctacións.

Este segmento, o grupo B, de maior peso no conxunto da oferta, é o único que presenta un comportamento negativo neste 2023.

Evolución da demanda nos establecementos do Grupo B. Noites 2015-23




ANÁLISE POR CATEGORÍAS

No ámbito dos grupos C e D -Casas de labranza e Aldeas de Turismo Rural- a dinámica é tamén similar ao comentado para o segmento do grupo A. O incremento rexistrado neste 2023 –do 7,3%- consolida a recuperación iniciada no pasado ano e coloca o volume final de demanda en preto de 40 mil noites, cifra en todo caso insuficiente para acadar os valores previos á pandemia.

No trienio 2017-19 este segmento da oferta de turismo rural superaba sempre as 40 mil noites, acadando o máximo da serie histórica neste caso en 2019 con pouco máis de 46 mil pernoctacións.

Este segmento é o de menor peso no conxunto da oferta de turismo rural de Galicia e, a pesar de presentar unha dinámica positiva xera menor volume de noites –unhas 2.700 novas pernoctacións en comparación co dato do pasado 2022-.

Evolución da demanda nos establecementos dos Grupos C e D. Noites 2015-23




A estadía media nos establecementos de turismo rural de Galicia sitúase en 1,9 noites neste 2023, cifra que apenas varía en comparación co anterior ano 2022 –cando se rexistraban exactamente 1,86 noites de media-.

Contrasta esta estabilidade coa tendencia observada nos últimos dous anos nos que a estadía media cae de forma consecutiva, pasando dunha media de 2,4 noites en 2020 a preto de 1,9 noites en 2022. Dalgunha maneira a recuperación dos niveis de demanda levan a regresar a pautas de comportamento anteriores á crise –en 2018 e 2019 o valor medio situábase tamén por debaixo das dúas noites-.

Galicia presenta neste ano a segunda cifra de estadía media máis baixa do conxunto do Estado, só por diante pero con pouca diferenza de Madrid. Canarias, con 4,6 noites, rexistra o valor máis elevado. A media do conxunto do Estado sitúase en 2,7 noites.


Estadía media nos establecementos de Turismo Rural. 2015-23




A estadía media varía sensiblemente entre os diferentes segmentos de mercados. É o viaxeiro nacional procedente de fóra de Galicia –doutras comunidades autónomas- o que fica de media máis tempo en Galicia, con 2,4 noites neste ano 2023. Supera en cinco décimas a media da comunidade e marca maior diferenza cos dous restantes mercados: o viaxeiro residente en Galicia fica 1,6 noites mentres que o estranxeiro chega a 1,5 noites de media – é o valor máis baixo que computa en todas as tipoloxías de aloxamento da comunidade-.

En canto ás diferentes modalidades de aloxamento en turismo rural as diferenzas son neste caso menores. O valor da estadía media é superior nas casas do grupo B –con dúas noites de media- e inferior no grupo A –con 1,6 noites neste caso-.

Estadía media en Turismo Rural, por mercados.
Ano 2023



Estadía media en Turismo Rural, por tipoloxías.
Ano 2023




O descenso da demanda en relación ao pasado ano –medida en número de noites- prodúcese nun contexto de caída e axuste da oferta dispoñible de similar intensidade –o número de prazas ofertadas descende neste caso un 4,5%-. Tal circunstancia tradúcese en certa estabilidade dos niveis de ocupación no ámbito do turismo rural, manténdose no 20,5% de media no conxunto da comunidade.

Estabilízase o nivel de ocupación logo de rexistrar melloras nos dous últimos anos, de forma consecutiva, de tal maneira que neste caso si consegue manterse por encima da cifra de 2019 –en apenas medio punto porcentual- e marcar, nun sentido estrito, un máximo da serie histórica –mellora en tres décimas a porcentaxe de 2017-.

A pesar de ser unha porcentaxe baixa a cifra de Galicia sitúase nunha posición intermedia no conxunto do Estado, superando agora en 2023 os niveis acadados en nove destinos. Baleares marca o nivel de ocupación máis alto cun 57,0% de media e, no lado contrario, é Murcia quen rexistra a cifra máis baixa cun 13,9% neste caso.

Grao de ocupación por prazas nos establecementos de Turismo Rural. 2015-23




A evolución da demanda nas diferentes modalidades de aloxamento rural en Galicia implica unha variación parella dos niveis de ocupación. Así, sobe e mellora nos establecementos do grupo A –en 1,4 puntos porcentuais- así como naqueles dos grupos C e D –preto dun punto neste caso- como consecuencia dun incremento da demanda nun contexto de certa estabilidade da oferta dispoñible-.

O segmento de Casas Rurais –grupo B- presenta en cambio unha leve caída –de apenas tres décimas- por mor da caída da demanda mais nun contexto no que o volume de oferta tamén diminúe pero en menor intensidade.

Os aloxamentos do grupo A son os que de media rexistran un nivel de ocupación máis elevado co 23,0% neste 2023 –dato que supón en esencia un máximo da serie histórica-. Supera en algo máis dun punto a porcentaxe anterior máis alta, xustamente de 2022.

Nos grupos B e C-D os niveis de ocupación sitúanse no contorno do 20% -con poucas décimas de diferenza-, sendo en ambos casos cifras importantes que se sitúan preto das máis elevadas da serie histórica.

Ocupación e variación interanual en Turismo Rural, por tipoloxías. Ano 2023




ANÁLISE TERRITORIAL

A Coruña e Pontevedra son as provincias que rexistran un maior volume de demanda en turismo rural –absorben o 35% e 28%, respectivamente, das noites neste ano 2023, con preto de 132 mil a primeira e 105 mil a segunda-. Lugo e Ourense recollen o 38% restante, cun reparto algo desigual –un 22% a primeira e un 15% esta última-.

Cambia levemente a estrutura da demanda en relación ao pasado ano 2022, con variacións positivas en A Coruña e Lugo e leve descenso en Ourense e Pontevedra. Son diferenzas que non superan os tres puntos porcentuais no peor dos casos.

Obsérvase no ámbito do turismo rural un reparto territorial da demanda máis equitativo ou equilibrado en relación a outras tipoloxías de aloxamento como os establecementos hoteleiros ou os cámpings –onde se rexistra unha maior concentración da oferta e demanda nas provincias do litoral atlántico-. En calquera caso tamén aquí son A Coruña e Pontevedra as provincias con maior volume e peso no total de Galicia.

Reparto territorial da demanda en turismo rural, por provincias. Noites 2023




ANÁLISE TERRITORIAL


Obsérvase neste ano 2023 un comportamento relativamente homoxéneo da demanda en turismo rural a nivel territorial. Con carácter xeral a dinámica é negativa e descende o volume de noites en tres provincias –un 15% en Lugo, un 5% en Ourense e un 8% en Pontevedra-, marcando a excepción A Coruña que amosa un incremento do 10% no número de noites –rompendo así a dinámica global-. Este crecemento permite non gañar volume senón tamén cuota de mercado e superar en case cinco puntos o peso da provincia no conxunto de Galicia.

A pesar disto A Coruña mantense aínda por debaixo dos valores previos á pandemia, de 2019, cun nivel de recuperación do 95% -porcentaxes similar á rexistrada en Ourense-. Lugo marca maior distancia cos niveis de hai catro anos, rexistrando agora en 2023 o 75% do volume de noites que tiña en 2019.

Evolución da demanda en turismo rural, por provincias. Noites 2023/22



Evolución da demanda en turismo rural, por provincias. Noites 2023/19




ANÁLISE TERRITORIAL

O turismo nacional supera en volume ao internacional nas catro provincias galegas -se ben aprécianse pequenas diferenzas nunha delas-, acadando maior peso en Ourense -onde representa o 86% do total da provincia- e menor en A Coruña -na que supón o 61,5% do total-. Así pois A Coruña é tamén no ámbito do turismo rural a provincia con maior presenza do mercado estranxeiro.


A dinámica dos dous segmentos de mercado é variable a nivel provincial. Así, o turismo nacional sobe e mellora as cifras do pasado ano unicamente en A Coruña -nun 5,5%- presentando un comportamento negativo nas tres restantes -con descensos do 12% en Lugo, do 10% en Pontevedra e do 7% en Ourense-. O mercado internacional amosa, en cambio, unha dinámica positiva xeneralizada, con incrementos en tres provincias concretas -do 18% en A Coruña, do 11% en Ourense e do 3% en Pontevedra-. Cae unicamente en Lugo, nunha porcentaxe importante -do 28% neste caso-.

Neste contexto A Coruña e Lugo presentan un comportamento homoxéneo dos dous segmentos de mercado, con resultados positivos para ambos na primeira e descensos na segunda.

Reparto da demanda en turismo rural, por provincias e procedencia. Noites 2023



Evolución da demanda en turismo rural, por provincias e procedencia. Noites 2023/22




ANÁLISE TERRITORIAL

O reparto da demanda ao longo do ano, por temporadas, é relativamente parello a nivel provincial con algunha pequena diferenza. Neste sentido, todas as provincias presentan unha maior concentración da demanda no verán se ben aprécianse diferenzas de intensidade. Neste sentido Pontevedra é a que amosa maior peso da temporada alta cun 48% do total anual, porcentaxe que se sitúa no 45% en Lugo, baixa levemente ao 43% en A Coruña e ao 35% en Ourense.

Esta última provincia é a que presenta un reparto máis equilibrado ao longo do ano, concentrando o 33% da demanda na temporada media e o 32% na baixa. Nas restantes tres provincias o peso da temporada baixa é igual ou inferior ao 20%.

Así, Ourense é a provincia con menor perfil estacional da demanda. As tres restantes teñen un comportamento moi parello.

Reparto da demanda por temporadas en cada provincia. Noites 2023




ANÁLISE TERRITORIAL

Tendo en conta a evolución da demanda por temporadas en cada provincia obsérvase que:

- O incremento da demanda en A Coruña prodúcese basicamente nos meses de maior afluencia turística, nas temporadas media e alta—con subas por encima do 10% interanual-. Tamén se aprecia un resultado positivo, pero de menor intensidade, na temporada baixa.
- En Lugo e Pontevedra acontece, en cambio, o contrario. O mal comportamento da demanda prodúcese nas tres grandes temporadas turísticas, con caídas de diversa intensidade que superan o 15% interanual no caso de Lugo no verán, e en Pontevedra na temporada media.
- En Ourense o comportamento é dispar, con descenso da demanda nas temporadas media e alta e incremento xustamente na baixa, do 7% neste caso.
- En xeral apréciase mellor comportamento relativo na temporada baixa fronte ao resto do ano, con incrementos en dúas provincias fronte ao observado nas temporadas media e alta.
- O verán é máis crítico especialmente en Lugo e Ourense, nas provincias de interior.

Variación da demanda por temporadas en cada provincia. Noites 2023/22



ANÁLISE TERRITORIAL


A estadía media nos establecementos de turismo rural varía a nivel territorial. O valor máis elevado localízase habitualmente na provincia de Pontevedra e tamén agora en 2023 onde se rexistra neste ano unha media de 2,4 noites. Nas restantes tres provincias a cifra sitúase ben nas dúas noites de media –caso de Lugo- ou ben en cifras inferiores –con 1,7 noites en Ourense e 1,6 noites en A Coruña-.

A estadía media incrementábase en dúas provincias –un 10% en Lugo e un 6% en Pontevedra-, mantense estable en A Coruña e descende unicamente en Ourense –un 6% neste caso-.


A variación da oferta e da demanda leva a cambios de distinta índole nos niveis de ocupación para cada unha das provincias. Así, sobe e mellora unicamente en A Coruña –en tres puntos porcentuais grazas ao incremento do número de noites-, mantense estable en Ourense e Pontevedra –por unha caída parella tanto da oferta dispoñible como da demanda- e descende soamente en Lugo –onde o mal comportamento da demanda leva a un empeoramento de case tres puntos no nivel de ocupación-.

Con isto A Coruña rexistra neste 2023 o nivel de ocupación máis elevado de toda Galicia, cun 26,5% de media anual. As restantes tres provincias fican por debaixo pero moi preto do 20%, con porcentaxes moi parellas. Tal circunstancia aseméllase ao observado no pasado ano e tamén en 2019, antes da pandemia.

Estadía media en turismo rural, por provincias.
Ano 2023



Grao de ocupación e variación en turismo rural,
por provincias. 2023/22



TURISMO RURAL EN GALICIA

Informe anual 2023



TURISMO
DE
GALICIA

galicia